

ACTA N 2019/26

SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2019.

No Salón de Sesiões do Concello de Ames, sendo as 13:45 horas do día 25 de xuño de dous mil dezanove (2019), reúnense a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria de constitución, convocada ao efecto para dar cumprimento ao previsto no artigo 112 do ROF, baixo a Presidencia do alcalde José M. Miñones Conde, e coa asistencia das/dos concelleiras/os nomeadas/os membros da Xunta de Goberno Local por decreto da Alcaldía 1742/2019, que son os seguintes: David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía , Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad de Jesús González Rodríguez.

Todas/os os/as nomeadas/os membros da Xunta de Goberno Local, están presentes e prestaron a aceptación ao seu cargo, tal e como figura acreditado no expediente mediante dilixencia expedida ao efecto.

Actúa de **secretaria** a titular, dona Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Polo señor alcalde, José M. Miñones Conde, dáse conta do decreto da Alcaldía 1742/2019, de 18 de xuño, de creación da Xunta de Goberno Local e de nomeamento dos seus membros. Consta no expediente dilixencia acreditativa de que todos/as os nomeados membros de Xunta de Goberno Local amosaron a súa aceptación expresa.

Queda, polo tanto, constituída a Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local queda enterada de que no decreto 1742//2019, resolveuse a fixación do día e hora de celebración de sesión ordinaria (xoves ás 13:00 horas), quedando pendente a fixación da periodicidade, a cal respectando o mínimo de cada 15 días fixado no artigo 112.2 do ROF, é competencia do pleno da Corporación. (art. 211 LALGA).

PUNTO SEGUNDO.- ACEPTACIÓN DAS DELEGACIÓNS EFECTUADAS POLA ALCALDÍA.

Unha vez constituída a Xunta de Goberno Local o señor alcalde da conta do decreto 1776/2019 de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local.

As competencias que se delegan son as que a continuación se indica, as cales a Xunta de Goberno Local presta aceptación expresa.

Competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo decreto 1776/2019:

1ª A concesión de licenzas urbanísticas en xeral, a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Tamén se delega a competencia para a aprobación das liquidacións do ICIO (imposto sobre construcións instalacións e obras) correspondentes ás licenzas que se delegan.

2ª Os expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía.

Se exceptúan desta delegación os contratos menores.

3ª A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, que sexan competencia da Alcaldía.

4ª A aprobación de proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa

contratación ou concesión o alcalde e estean previstos no orzamento.

5ª A aprobación das bases reguladoras das subvencións concedidas polo concello en réxime de libre concorrència, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente.

6ª A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

Estas delegacións a favor da Xunta de Goberno Local se realizan sen prexuízo das competencias propias atribuídas polo artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local á Xunta de Goberno Local, de asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas outras que o pleno da corporación, de ser o caso, lle estime oportuno delegar.

Confírese expresamente á Xunta de Goberno Local a facultade de resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados por esta no exercicio das competencias delegadas.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas , do día de referencia, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo